DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 227 | Xoves, 25 de novembro de 2021 | Páx. 57746

# VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### PORTOS DE GALICIA

*CÉDULA do 18 de novembro de 2021 pola que se anuncia o inicio de procedemento para a venda directa de diversas embarcacións incautadas e varadas en portos da Zona Norte desta entidade.*

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en aplicación da Resolución emitida pola Presidencia de Portos de Galicia o 17 de novembro de 2021, anúnciase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web https://portosdegalicia.gal, sección Comunicacións e avisos, epígrafe Alleamento de embarcacións, o inicio de procedemento para a venda directa de diversas embarcacións incautadas por Portos de Galicia.

A resolución de convocatoria, as bases aplicables a esta, a relación de embarcacións, o modelo de proposición económica e restantes anexos que deben cubrir os interesados poderán ser consultados e descargados a través da páxina web https://portosdegalicia.gal, sección Comunicacións e avisos, epígrafe Alleamento de embarcacións.

O prazo de presentación de ofertas finaliza o día 17 de xaneiro de 2022.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

CVE-DOG: nbiomj04-qcx3-5kf0-crx1-8qn1m5w478j9